



## INFORME ANTEPROXECTO

**Servizo:** Anteproxecto para a reforma do C.D. Sardiñeira (A Coruña)

**Redactores:** Cristóbal Ángel Ocáriz, arquitecto

Carmelo Freire, enxeñeiro técnico industrial

**Presuposto estimado:** 839.547,71

Examinado o anteproxecto de referencia compróbase que contén os seguintes documentos:

- Memoria xeral
- Memoria urbanística
- Documentación complementaria referida ao estado das instalacións (mediante certificados de inspeccións, plan de autoprotección, e informes varios).
- Planos xerais con documentación fotográfica
- Análise da deficiencias detectadas e memoria construtiva dos traballos a realizar.
- Presuposto detallado con descrición das unidades de obra.
- Estudo relativo ao réxime de utilización e explotación das obras.

O anteproxecto refírese a un estudo de patoloxías da construción e instalacións e non a unha obra nova polo que non require de planos de detalles de arquitectura, polo tanto, está enfocado a resolución de esas patoloxías mediante solucións construtivas.

A fundación deporte galego contratou un estudo de viabilidade á empresa "Lagares Oca", foi redactado e aprobado con data 12/07/2019. Este traballo contén un estudo relativo ao réxime de utilización e explotación das obras ao que se refire o apartado d) do punto 2 do artigo 248 da "9/2017 de 8 de novembro, de contratos del sector público" Os técnicos redactan o seu estudo de viabilidade de forma coordinada con este documento que o complementa e completa.

Polo tanto, este anteproxecto de obra redactado por Cristóbal Ocáriz e Carmelo Freire se considera adecuado, **e se informa favorablemente**, como documento base para sometelo á información pública que se indica o punto 3 do artigo 248 da citada "ley 9/2017 de 8 de novembro".

Santiago a 26 de xullo de 2019

Antonio Rodríguez Rodríguez

Xefe do servizo de obras deportivas

